



## XapÃ³n: a dimisiÃ³n de Fukuda

### Description



De xeito repentino, o pasado 1 de setembro, o actual primeiro ministro xaponÃ©s e lÃder do Partido Liberal DemocrÃtico (PLD), Yasuo Fukuda, anunciou a sÃa dimisiÃ³n, tomando por sorpresa tanto aos parlamentarios como aos cidadÃns xaponeses. Foto: EdiciÃ³n extra dos xornais xaponeses dando conta da dimisiÃ³n de Yasuo Fukuda o 1 de setembro de 2008.

De xeito repentino, o pasado 1 de setembro, o actual primeiro ministro xaponÃ©s e lÃder do Partido Liberal DemocrÃtico (PLD), Yasuo Fukuda, anunciou a sÃa dimisiÃ³n, tomando por sorpresa tanto aos parlamentarios como aos cidadÃns xaponeses. Fai un ano, o seu antecesor no cargo, Shinzo Abe tamÃn renunciou tamÃn dun xeito sorprendente, o cal acrecenta os temores ante a posible manifestaciÃ³n dun clima de certa inestabilidade polÃtica no XapÃ³n. Esta desconfianza exterior cara o paÃs asiÃtico influÃ na recente depreciaciÃ³n do ien no mercado internacional.

Fukuda viÃa acusando diversos problemas na â??Dietaâ?• ou Parlamento, debido a que o partido da oposiciÃ³n na CÃmara Baixa, o Partido DemocrÃtico de XapÃ³n (PDX), ostenta a maiorÃa na CÃmara Alta ou Senado, dificultando a rÃpida aprobaciÃ³n de calquera proposiciÃ³n de lei. Un feito significativo foi a confusiÃ³n xerada polo prezo da gasolina a 25 iens o litro en sÃ un mes, medida que tardou moito tempo en ser aprobada a causa da oposiciÃ³n do PDX. Feitos como este influÃron na perda de popularidade de Fukuda, cuns Ãndices de aceptaciÃ³n que nos Ãltimos dÃas era do 20%.

Na rolda de prensa realizada o pasado 1 de setembro na que anunciaba a sÃa dimisiÃ³n, Fukuda mirou cara atrÃs e apreciou os resultados da sÃa xestiÃ³n, por exemplo en canto Ã preparaciÃ³n da Axencia de Consumo e a reforma do

sistema de seguridade social. Ao mesmo tempo, criticou ao PDX por retardar con frecuencia as súas votacións parlamentarias, especialmente ao seu líder Ichiro Ozawa, por manter unha intransixente oposición as súas propias decisións.

Coméntase en Toquio que o próximo primeiro ministro podería ser Taro Aso, quen perdera a última elección polo liderado do PLD. Aínda que existe un grupo contrario a Aso no seo do partido de goberno, debido á forte posición que Aso ten en materia de relacións con China e Corea do Norte, o PLD considera que sería o mellor candidato para gañar as próximas eleccións.

É probable que a dimisión de Fukuda lle outorgue ao PLD unha mellor estratexia política e, probablemente, electoral, debido a que o PDX non ten tanto apoio como antes e afronta algún problema político interno. Por exemplo, aínda que o PDX debería elixir ao seu novo líder o próximo 21 de setembro, só Ozawa presentouse como candidato. Outro candidato era Yoshihiko Noda, quen manifestou o seu propósito de presentarse en agosto, pero desistiu ao final sen aclarar suficientemente as razóns, o cal deixou entrever diversas especulacións dentro do PDX polo suposto estilo autocrático de Ozawa. De feito, separáronse dous parlamentarios do PDX a semana pasada para opoñerse a este estilo de funcionamento interno do PDX.

Polo tanto, é posible que o PLD teña a intención de disolver o Parlamento despois de elixir un novo líder e tratar de gañar o apoio do pobo xaponés para cambiar a situación actual. Se o PLD gaña as próximas eleccións parlamentarias, podería dirixir a Dieta máis facilmente, a pesar de que o PDX aínda posúe a maioría na cámara alta.

A maiores, a dimisión de Fukuda podería dar paso a unha ocasión relevante para modificar diversos aspectos do sistema político xaponés, aínda que non deixa de ser significativo o feito de que as últimas dimisións dos primeiros ministros, desde Shinzo Abe ata Yasuo Fukuda, evidencian diversos elementos de inestabilidade governamental en Xapón.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Asia ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Setembro 3, 2008

## Meta Fields

**Autoria :** 3765

**Datapublicacion :** 2008-09-03 00:00:00